



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración do Regulamento do Servizo de abastecemento de auga potable do Concello de Pontevedra

**Trámite: CONSULTA PÚBLICA A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO
CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA RECABAR A OPINIÓN DOS
CIDADÁNS E DAS ORGANIZACIÓNS REPRESENTATIVAS
POTENCIALMENTE AFECTADAS POLA ELABORACIÓN DO NOVO
REGULAMENTO**



PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS NO PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

1) INTRODUCCIÓN

O Concello de Pontevedra adopta a decisión de elaborar un Regulamento do servizo de abastecemento de auga potable, coa intención de completar a regulación municipal na materia. Con tal motivo, deséñase un proceso participativo aberto ás asociacións e veciñanza interesada en debater e achegar respecto a esta iniciativa municipal.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), no seu art. 133 regula a participación cidadá no procedemento de elaboración das normas.

Á súa vez, o art. 105 CE establece que *"A lei regulará: a) A audiencia dos cidadáns directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei, no procedemento de elaboración das disposicións administrativas que os afecten. (...)"*

Esta é a obriga constitucional á que vén a dar resposta o art. 133 da LPAC *"Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos. "-. Este artigo é novidoso en canto ao tratamento da audiencia e a exposición pública das disposicións xerais que non se regulou na LRXPAC; polo que, onde non existía normativa específica, se aplicaban analoxicamente os artigos 85 -Trámite de audiencia- e 86 -Información Pública- (con idéntica dicción hoxe nos artigos 82 e 83 LPAC), referidos á participación das/os interesadas/os no procedemento administrativo común (actos).*

A formulación do precepto é abrir a participación cidadá en dous momentos:

1º. - Cando xorde a idea ou iniciativa, previamente á elaboración do texto articulado: substanciándose nunha consulta pública a través do portal web, limitada a solicitar a opinión dos "suxeitos e das organizacións máis representativas" potencialmente



afectados pola futura norma sobre:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación
- c) Os obxectivos da norma
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias "

2º.- Cando xa se conte cun texto elaborado (previamente á súa aprobación definitiva-art.133.2 LPAC), e a futura norma afecte a dereitos e intereses das persoas, publicarase este no portal web municipal aos efectos de audiencia dos cidadáns afectados e información pública de calquera "outras persoas ou entidades"; sen prexuízo de que, potestativamente, se poida solicitar directamente a opinión das organizacións máis representativas de afectados.

2) PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA.

A auga é un elemento necesario para vida e para o desenvolvemento das actividades económicas, mais, ao mesmo tempo, resulta un elemento escaso. Por este motivo débese favorecer e incentivar o seu uso racional, ao que pretende contribuír esta iniciativa.

O eido normativo regulador en materia de augas experimentou cambios relevantes nos últimos anos a raíz da aprobación de importantes normas, tanto a nivel comunitario europeo (Directiva marco da auga), como a nivel estatal como galego (as leis da auga).

Neste contexto, os concellos dispoñen dun importante abano de competencias, atribuídas tanto pola lexislación xeral de réxime local como pola lexislación sectorial de augas.

As amplas competencias municipais, así como as novidades introducidas na regulación do subministro de auga potable, aconsellan a elaboración dun Regulamento, coa finalidade de adecuar a regulación local do servizo de abastecemento ao novo marco legal.

Por iso, faise preciso determinar as relacións entre o prestador do servizo e os usuarios, e fixar os dereitos e obrigas básicas de cada unha das partes, así como todos aqueles aspectos técnicos, medioambientais, sanitarios e contractuais propios do servizo público.



Fundamentalmente preténdese, pois, resolver a problemática inducida pola carencia de regulación das relacións entre a entidade subministradora que presta o servizo de subministración domiciliario de auga potable e os usuarios do citado servizo municipal. A inexistencia de ordenación xurídica do abastecemento por medio dun texto regulamentario implica a indefinición dos conceptos de “*persoa usuaria*” ou “*abonado/a*” e “*entidade subministradora*”, a carencia de definición dos equipos de medida, as características das instalacións, etc.

3) NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

A actividade consistente na subministración de auga ás poboacións foi considerada tradicionalmente como un servizo público cuxa responsabilidade e control corresponde aos municipios. A “publicatio” da actividade atópase xa formulada de forma explícita no Real decreto lei do 12 de abril de 1924 no que se indica que “*as necesidades da vida moderna e as esixencias da industria non permiten á Administración Pública desentenderse das subministracións de enerxía eléctrica, auga e gas, indispensables para a existencia de individuos e industrias*”.

A atribución desta competencia na esfera municipal conta con raíces antigas e destacados antecedentes na Lei de obras públicas de 1887, Lei de augas de 1879 e Lei de bases do réxime local de 1955, entre outras. A Lei de bases de réxime local 7/1985, de 2 de abril, prestou atención á subministración de auga como servizo público obrigatorio (artigo 25.2 letra c) a exercer en todos os municipios, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas [artigos 26.1 letra a) e 85 da LBRL 7/1985]. De igual forma prodúcese a reserva deste servizo en favor das administracións locais a través do artigo 86.2 do mesmo texto legal.

Esta norma capital para a prestación do servizo, esixe para a súa xestión a debida aprobación do Regulamento do servizo pertinente que resolva os continuos problemas que suscita a súa posta en funcionamento, recolléndose, debidamente sistematizados e coa casuística propia dunha regulamentación, os diversos criterios, tendo en conta a natureza da prestación.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo manifestou reiteradamente a necesidade de que o servizo se preste con continuidade e ordenadamente (SSTS do 28 de outubro de 1985 e 4 de outubro de 1991). Resulta ademais esixible, consonte á normativa básica en materia de réxime local, a aprobación previa do Regulamento en canto norma xurídica habilitante para organizar, regular e fixar as relacións entre os usuarios do servizo e o seu desenvolvemento.



Resulta ademais oportuno neste momento, toda vez que a concesión vixente venceu o seu prazo e atópase en período de prorroga.

4) OBXECTIVOS DA NORMA

O futuro Regulamento ten por obxecto, en última instancia, regular as relacións entre as persoas usuarias e a entidade subministradora que presta o servizo de subministración de auga potable, con independencia de cal sexa a fórmula que o Concello de Pontevedra adopte para a súa xestión, e iso sen prexuízo de que sexan aplicables as demais disposicións de réxime local e, de forma especial, a ordenanza fiscal correspondente, no que se refire á determinación e cobramento das taxas e os usuarios do mesmo, sinalándose os dereitos e obrigas básicas para cada unha das partes.

O posible contido e estrutura do futuro regulamento podería ser o seguinte, sen prexuízo de que atinxa a outras cuestións:

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
- NORMAS XERAIS
- OBRIGAS E DEREITOS
- INSTALACIÓNS DO ABASTECIMENTO DE AUGA
- CONEXIÓNS
- INSTALACIÓNS INTERIORES
- CONTADORES
- CONDICIÓNS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA
- CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN
- REGULARIDADE NA SUBMINISTRACIÓN
- LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓNS
- SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E RESCISIÓN DO CONTRATO
- FRAUDES NA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA
- RÉXIME SANIONADOR
- DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS
- ANEXOS





5) AS POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS.

Ao non existir un regulamento marco autonómico, como acontece no caso doutras fases do ciclo integral da auga (saneamento e depuración, (Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia), non é factible a aplicación supletoria da regulación autonómica. En consecuencia, a solución non regulatoria non só imposibilitaría a xestión do servizo dende a perspectiva da LBRL, senón que ademais careceríase dun mínimo ordenamento xurídico regulador dos dereitos e obrigas básicas de cada unha das partes, da entidade subministradora e das persoas usuarias.

Providencia.-

Ao abeiro do disposto no art. 133.1 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), dispoño co inicio formal do procedemento de elaboración do Regulamento do servizo de abastecemento de auga potable, que se proceda a efectuar **consulta pública** nos termos do devandito precepto, con publicación de anuncio no portal web municipal e solicitude da opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma.

O Sr. Concelleiro de Goberno responsable da área de contratación e facenda

